

1 Configuración do idioma

Ao rematar de instalar Ubuntu dende o CD ou dende o USB, se no proceso de instalación non se tiña conexión a internet, o sistema non ten tódolos paquetes de idioma instalados. Por iso se ven anacos en galego e anacos en inglés. Agora como xa se ten configurada a rede xa se pode pasar a actualizar o idioma galego e a instalar outros.

1.1 Sumario

- 1 Actualizar o soporte de idiomas
- 2 Instalar idiomas
- 3 O usuario escolle o idioma
- 4 Idioma por defecto do sistema

1.2 Actualizar o soporte de idiomas

Ao finalizar a instalación, se non se tiña conexión a internet perante ese proceso, ao entrar por primeira vez o sistema notificou que soporte de idiomas estaba incompleto. Para rematar de instalalo ...


- Completar soporte de idiomas




Premer no botón da roda dentada: **Preferencias do sistema**.



Premer no botón de **Soporte de idioma** ou **Configuración de idioma**.



Indícanos que o sistema aínda non ten información sobre os idiomas dispoñibles. Premer en **Instalar**.




Pide un contrasinal dun usuario administrador. Neste caso **abc123**. (punto incluído).

1.3 Instalar idiomas

Unha vez que o sistema descargou tódolos paquetes precisos para dar soporte para idiomas é momento de escoller ás linguas que se desexan instalar no sistema. Deste xeito, se se instalan varias, logo cada usuario é libre de escoller o idioma no que desexa traballar.

- Instalar idiomas




Premer en **Instalar/Eliminar idiomas ...**




Selección dos idiomas español e francés, deste xeito baixaranse todos os paquetes destes idiomas para todas aquelas aplicacións instaladas no sistema que teñan unha tradución dos seus menús, textos, axudas, etc.




Indicar a chave (abc123.)



Mentres descarga e instala os paquetes dos idiomas seleccionados a pantalla está desactivada.



Observar que os idiomas xa está instalados.



Reiniciar o equipo para facer efectivos os cambios. Non faría falla, con pechar a sesión xa valería, pero así asegurámonos dos cambios.

1.4 O usuario escolle o idioma

- Volvemos a iniciar sesión.
- O que se vai realizar a continuación é moi útil para as seccións bilingües, pois nun mesmo ordenador cada usuario pode decidir en que idioma desexa traballar e non afectar aos demais usuarios.

Cada usuario pode escoller o idioma co que desexa traballar, iso implica que tamén poden mudar as unidades de medida, a moeda, etc. Ou sexa nun mesmo ordenador cada usuario decide en que idioma desexa traballar.

Antes de escoller o idioma abrir en **Nautilus** (Nautilus é un explorador de ficheiros) o cartafol do usuario sengundo se amosa na imaxe:



- Observar como o nome dos cartafolos que se atopan dentro do cartafol persoal están en galego.


- O usuario escolle un idioma




- Premer en **Preferencias do sistema**. Observar como agora xa está en galego.



Premer en **Configuración de idioma**.



Observar a orde de preferencia dos idiomas: Por agora está do seguinte xeito: Primeiro en galego, se non está o menú ou texto traducido ao galego que o amose en inglés, ...




Na lapela **Formatos rexionais** é onde se establece que unidades de medida, moeda, formato dos números se desexan usar, porque poderíase ter o idioma en inglés pero a moeda en euros. Ou o idioma en español, pero as moedas en pesos arxentinos. Obsérvese


despregando o menú que para cada idioma pode haber distintas variantes.



O usuario decidiu (arrastrando de abaixo para arriba o idioma español) que o seu primeiro idioma vai ser o español e o segundo o galego. Pero ollo, esta configuración é para o usuario que iniciou sesión, non para todo o sistema.



Saír da sesión.




Observar como o equipo segue co idioma en galego. Pois o usuario simplemente cambiou a español para se mesmo non para todo o sistema.




Premer en **Configuración do sistema**




Premer en **Soporte de idiomas**




Premer en **Aplicar para todo o sistema** para que se aplique que primeiro sexa o idioma español.



Introducir o contrasinal do administrador, porque o que se vai realizar non o pode facer todo o mundo, que é cambiar o idioma de todo o sistema, non o persoal. (abc123.)



Pechar a sesión.



Observar como agora o sistema tamén ofrece os textos en español.

- Indicar que unha vez feito isto, no ordenador no que se elabora o material, volveuse a poñer a configuración do idioma en galego para todo o sistema.